



XOVES I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) retomamos o boletín dos xoves para continuar informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#).

Unha das prioridades de Horizon 2020 está adicada aos [retos da sociedade](#). Neste piar están reflectidos os obxectivos políticos e os desafíos da [estratexia Europa 2020](#), co fin de estimular a investigación e a innovación nas grandes cuestións que afectan directamente aos cidadáns europeos.

O financiamento centrarase nos seguintes obxectivos específicos (retos):

1. [Saúde, cambio demográfico e benestar](#)
2. [Seguridade alimentaria, agricultura e silvicultura sostibles, investigación marina, martítima e de augas interiores e bioeconomía](#)
3. [Energía segura, limpa e eficiente](#)
4. [Transporte intelixente, ecolóxico e integrado](#)
5. [Acción polo clima, medio ambiente, eficiencia dos recursos e materias primas](#)
6. [Europa nun mundo cambiante: sociedades inclusivas, innovadoras e reflexivas](#)
7. [Sociedades seguras: protección da liberdade e a seguridade de Europa e dos seus cidadáns](#)

As actividades enfocaranse en dar respostas aos retos que enfrenta a sociedade, cubrindo o ciclo completo, dende a investigación ao mercado. Centraranse naqueles resultados que permitan resolver problemas concretos dos cidadáns, como o envellecemento da sociedade, o uso eficaz de recursos ou a transición a unha economía sostible e baixa en emisións de carbono.

Non só deberán ter en conta solucións baseadas en tecnoloxía, senón tamén a innovación non tecnolóxica e organizativa, así como a innovación no sector público.

Como obxectivos transversais en Horizon 2020, están a [participación internacional](#) de países non UE e a [igualdade de xénero](#). Asimesmo, cabe destacar os programas específicos adicados a [difundir a excelencia e ampliar a participación](#) de forma máis equilibrada na UE, e a [ciencia con e para a sociedade](#), adicado a aumentar o coñecemento e a interrelación entre a sociedade e a ciencia.

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!